

OS “EDITORES DE COMPOSTELA” CUALIFICAN DE “TODO UN ÉXITO” O SEU NOVO STAND MONOGRÁFICO DA FEIRA DO LIBRO DE SANTIAGO

- *A guía verde de Santiago* (Alvarellos), o volume colectivo sobre *As Mariás* (Consortio), os contos de *Branco de Cores* (Sotelo Blanco) e *O anarquismo en Galiza* (Positivas), foron, por esta orde, os títulos máis vendidos.
- O Consortio de Santiago e a Concellaría de Cultura apoiaron esta iniciativa, que os promotores esperan repetir en próximas edicións.

Santiago, domingo 8 de maio de 2010.- O grupo EDITORES DE COMPOSTELA, creado o pasado mes de abril e integrado polas editoriais Alvarellos, Positivas e Sotelo Blanco, cualifica a súa primeira experiencia conxunta na Feira do Libro de Santiago (que hoxe pecha as súas portas) como “todo un éxito”.

Estas tres editoriais da capital de Galicia decidiron montar un stand monográfico de Compostela, unha caseta na que só se venderon títulos de temática local. A iniciativa contou co apoio do Consortio de Santiago, que aportou libros do seu catálogo, mais a Concellaría de Cultura de Compostela. En total ofertáronse máis de setenta (70) referencias sobre a cidade en todos os xéneros: ensaio, poesía, literatura infantil e xuvenil, arte, novela, etc. Algúns dos títulos eran difícilmente atopables nas canles normais de comercialización.

Outros selos editoriais da cidade sumaron tamén algúns dos seus títulos ao stand, como 3C3 editores, a USC ou Andavira Editora.

A GUIA VERDE E AS MARIÁS, OS TÍTULOS MÁIS VENDIDOS

A guía verde de Santiago da botánica da USC María Isabel Fraga Veiga, editada por Alvarellos a comezos deste ano 2010, foi, tanto na súa edición en galego como castelá, o libro máis vendido do stand. Tras el, o volume monográfico e colectivo sobre *As Mariás*, publicado en 2007 polo Consortio de Santiago e coordinado por César Lombera. As vendas de cada un destes dous volumes superaron o medio cento de unidades. De seguido figuraron os contos da colección “Branco de Cores” de Sotelo Blanco e o ensaio *O anarquismo en Galiza*, de Eliseo Fernández e Dionísio Pereira, editado por Positivas en 2004. Tamén foron títulos demandados *A Compostela industrial* de Carmona Badía e Fernández Vázquez (Consortio de Santiago) e *1968 en Compostela. 16 testemuños* (USC), coordinado por Ricardo Gurriarán.

Os promotores sinalan que “era a primeira vez que se facía algo así nunha feira do libro: un stand só de temática local. O interese que espertou a nosa iniciativa, tanto no público da cidade coma nos turistas, móvenos a querer repetir —e mellorar— esta idea en próximas edicións, e certifica que o local ten un oco importante nas inquiredanzas dos lectores”.

- Para contactar con EDITORES DE COMPOSTELA:
Paco Macías: 660 397 064
Quique Alvarellos: 609 90 88 52

gotelo blanco
edicions

POSITIVAS

alvarellos
EDITORA

editores de COMPOSTELA

Apdo. Postal 1137 — Santiago de Compostela

www.editoresdecompostela.org

administración@soteloblancoedicions.com

positivas@edicionspositivas.com | correo@alvarellos.info

Tel. 660 397 064 | 609 90 88 52